

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR TRABALLOS DE FIN DE ESTUDO (GRAO OU MESTRADO) NO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA (LOMG).-

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de Industria da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Industria formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de abril de 2023 ata o 17 de abril de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións nas que os estudantes da Universidade de Vigo levarán a cabo a realización dos traballos de Fin de Estudo (Grao ou Mestrado) de calquera ensino impartido na Universidade de Vigo nas instalacións do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG); permitindo que desenvolvan, apliquen e demostren os coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Universidade de Vigo consideran de gran utilidade que o estudantado universitario conte na última etapa formativa coa posibilidade de ter unha primeira toma de contacto co mundo laboral en xeral, e co ámbito da metroloxía en particular. Deste xeito, a realización





de traballos de Fin de Estudo nas instalacións do LOMG permitirá que a proposta de elaboración dun TFG (traballo fin de grao) ou dun TFM (traballo fin de mestrado) por parte dos/as estudantes poida estar vinculada ás actividades que desenvolve este centro. Este laboratorio, adscrito á Secretaría Xeral de Industria, apoia con carácter horizontal ao tecido industrial en actividades relacionadas coa medida, a través dunha ampla carteira de servizos tecnolóxicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional proposto, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral de Industria

Paula Uría Traba

